



# CURSOS MONOGRÁFICOS ESCOLA DE VERÁN 2023-2024 ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, EMAO Do 8 ao 18 de xullo de 2024 Informe-Proposta

Expte. 1.656/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte Convocatoria de Cursos Monográficos – Escola de Verán EMAO, a realizar entre os días 8 e 18 de xullo de 2024, dirixidos ás persoas interesadas que cumpran os requisitos indicados en cada un dos cursos.

## CURSOS QUE SE CONVOCAN:

### “UN CHARRASCO DIVINO E ESPIRITUOSO”

**Impartido por Sandra de Jesús e Xaime Rivas**, mestres das especialidades de **OURIVARÍA e CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM- Zanfona**, da EMAO

**Destinatarios/as:** calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos de ningunha das materias

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

**Duración:** 36 horas

#### **Obxectivo:**

Construción dun Charrasco, instrumento tradicional galego, aplicando as técnicas básicas da carpintería e complementando con traballos de reciclaxe (convertindo chapas de cervexa en ferreñas) e de elaboración de elementos decorativos con latón.

#### **Programa:**

##### Obxectivos:

Construír, decorar e rematar un instrumento tradicional galego, o Charrasco.

Transformar uns materiais de reciclaxe como son as chapas das cervexas en ferreñas para o Charrasco.

Aprender e aplicar as técnicas básicas de carpintería para o traballo no banco, con ferramentas como o serrón, trencha, trade, columna, lixa, etc., para a construción do instrumento.

Aprender e aplicar as técnicas básicas da Ourivaría para o traballo en metal, corte, conformado, soldado esmerilado, pulido e brillo, etc., para realizar as pezas decorativas e dar forma ás ferreñas.

##### Contidos:

Desenvolvemento e construción do modelo de Charrasco dado.

Aplicación das técnicas de marcado, corte, encaixe a media madeira, pulido, etc. precisas para o traballo coa madeira.

Aplicación de conformado das ferreñas, corte e calado para os motivos decorativos en metal, soldado de espigos para a súa montaxe e técnicas de acabado e pulido do metal.

Montaxe final do instrumento, ferreñas e motivos decorativos en metal e tecido.

**Material a aportar polo alumnado:** 3 listóns de madeira (de 1700x30x30mm, 1400x30x25mm e 800x30x30mm) de madeira dura ou semidura (piñeiro galego, faia, carballo ou freixo). Tamén precisará de outros materiais adicionais coma cable, puntas, tapóns e cintas de tecido, para rematar o instrumento. Comunicaráselle ao alumnado onde poden conseguir os materiais requiridos (custo estimado: 5€ + custo dos listóns que dependerá do tipo de madeira que se escolla).

**Alumnado máximo:** 12



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/06/2024 13:29	Páxina 1 de 5
1656-613	CSV: AFAE4F-86852C-EF3E46-PZFUTJ-M57C9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### “NON SEI COSER UN BOTÓN”

**Impartido por Emma Pintos**, mestra da especialidade de **MODA E CONFECCIÓN**, da EMAO  
**Destinatarios/as:** persoas sen coñecementos previos interesadas en aprender “costura de supervivencia”

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 09:00 a 13:00 horas

**Duración:** 36 horas

**Obxectivo:**

Introdución á costura, tratando as técnicas básicas de costura a man e a máquina, traballando sobre proxectos sinxelos e prácticos.

**Programa:**

Conceptos básicos de costura a man

- Ferramentas necesarias no costureiro

- Coser diferentes tipos de botóns

- Puntadas manuais básicas (pespunte, puntada invisible, sobrefiado...)

A máquina de coser:

- Partes da máquina

- Manexo da máquina

- Tipos de costuras

Proxecto 1. Mandil

Proxecto 2. Mantel e servilletas

Proxecto 3. Tote bag con peto

Proxecto 4. Funda de tesoiras e alfineteiro

**Material a aportar polo alumnado:** Alfinetes, agullas, cinta métrica, tesoiras, dedal e teas e accesorios para os proxectos (serán especificados o primeiro día de clase).

**Alumnado máximo:** 12

### “IMOS FACER PLENEIRISMO”

**Impartido por Darío A. Basso e Federico Fernández**, mestres das especialidades de **PINTURA** e **DEBUXO ARTÍSTICO**, da EMAO

**Destinatarios/as:** calquera persoa interesada.

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 09:00 a 13:00 horas

**Duración:** 36 horas

**Obxectivo:**

O termo "plein air" refírese á práctica de pintar ou debuxar ao aire libre, capturando a luz e a atmosfera natural dunha paisaxe no momento presente. Esta técnica, popularizada polos impresionistas no século XIX, permite aos artistas traballar directamente coa natureza, observando como a luz do sol transforma as cores e as formas ao longo do día.

As especialidades de Pintura e Debuxo da EMAO propoñen a práctica desta actividade realizando, inicialmente, uns exercicios de aula para, posteriormente, saír pola contorna da ría de Vigo co alumnado, fomentando nestas prácticas finais a expresión da cor e da forma a “plein air”, procurando captar a beleza da natureza.

**Programa:**

Pleineirismo na historia. Breve introducción

Diferentes técnicas do Plaineirismo

A liña como elemento positivo nunha paisaxe ao aire libre

A liña como elemento xerador de texturas e movemento. Van Gogh como referencia

A aplicación da teoría da cor para capturar a vibrante paleta natural

Diferentes perspectivas que se presentan nunha composición a “plein air”. Lineal e atmosférica

Expresar a beleza da natureza a través da propia interpretación creativa do alumnado

**Material a aportar polo alumnado:**

Estilógrafo 04 Micron Sakura. Lapis. Block de esbozo Guarro A3

**Alumnado máximo:** 15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/06/2024 13:29	Páxina 2 de 5
1656-613	CSV: AFAE4F-86852C-EF3E46-PZFUTJ-M57C9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### “ESTAMPADO ESTIVAL PARA PRAIA OU FESTIVAL”

**Impartido por Alba Pardo e Pepe Pereira** mestres das especialidades de **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA e ARTESANÍA EN COIRO**, da EMAO

**Destinatarios/as:** calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

**Duración:** 36 horas

**Obxectivo:**

Mediante linogravado, gofrado e serigrafía, estamparemos sobre tecidos e coiro para crear accesorios de verán: unha bolsa grande, unha máis pequena e un sombreiro. Tamén estamparemos sobre madeira para facer palas de praia. Utilizaremos o coiro como propia matriz para estampar. Esa mesma matriz de coiro será remate dos accesorios.

**Programa:**

**Obxectivos:**

Achegarse ao proceso de deseño para aplicación das estampas nos obxectos propostos

Asimilar os procesos de gravado e creación de matrices para realizar estampacións

Experimentar coas tintas de estampación sobre diferentes soportes

Confeccionar complementos personalizados feitos polas persoas participantes

**Contidos:**

Desenvolvemento do deseño para os distintos elementos que forman as pezas finais

Adecuación do deseño á temática e procedementos propostos para lograr a funcionalidade e resultado que se pretende

Aplicación das técnicas de gravado, serigrafía e coiro para a preparación das matrices

Realización de gofrado de texturas e estampacións sobre diferentes soportes

Aplicación e montaxe final das estampas e remates en coiro nos obxectos propostos

**Material a aportar polo alumnado:**

Os materiais e consumíbeis que empregarán terán un custe aproximado de 20 €

(O alumnado levará estampada unha bolsa grande, unha pequena, un sombreiro e palas de praia).

**Alumnado máximo:** 10

### “INICIACIÓN NA ORNAMENTACIÓN”

**Impartido por Carlos Corral**, mestre de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM-** Gaita, da EMAO

**Destinatarios/as:** calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos da materia.

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 10.00 a 14.00 horas

**Duración:** 36 horas

**Obxectivo:**

Construción dunhas Tarrañolas, sobre as que faremos diversos tipos de ornamentación

**Programa:**

Construción dunhas tarrañolas según plantilla, deseño da ornamentación, talla sinxela, incrustación de puntos, incrustación de figuras irregulares ...

**Material a aportar polo alumnado:**

Pelos de serra de marquetería (nº 2 ou 4), xogo de gubias para talla, xogo de limas de agulla ou limatóns

**Alumnado máximo:** 8

### “CUN 6 E UN 4, FAGO O TEU RETRATO, E CON ENCAIXE, ÁTOO”

**Impartido por Rosa García e Marian Nuñez** mestres das especialidades de **TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA e DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS**, da EMAO

**Destinatarios/as:** calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

**Datas:** do 8 ao 18 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

**Duración:** 36 horas

**Obxectivo:**

Realizar un retrato coas técnicas do encaixe e gravado. A partir dun diálogo transversal de distintas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/06/2024 13:29	Páxina 3 de 5
1656-613	CSV: AFAE4F-86852C-EF3E46-PZFUTJ-M57C9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



disciplinas, como parecen o encaixe e o gravado, buscamos o punto de mestura entre o volume do tecido e a pegada no papel, dende a aproximación ás técnicas básicas das dúas especialidades xogaremos cos fíos e as formas, descubriendo novos procedementos e procesos, mantendo un primeiro contacto cos materiais dende o proceso creativo.

**Programa:**

Talla en madeira

O gravado en relevo

Aproximación ás diferentes técnicas aditivas

O gravado gofrado

Distintos papeis para a técnica seca

Realización dun retrato a partir dunha matriz de encaixe palillos

Deseño e encaixe de palillos

Materiais e ferramentas a empregarán

Deseño para a estrutura do encaixe

Enchido dos palillos

Realización básica do punto do tecido e cordóns (Par enteiro)

Enganchar o fío sobre si mesmo para completar a peza realizada

Remate da peza de tecido para xogar con distintas tintas de gravado

**Material a aportar polo alumnado:**

1 papel de gravado Hahnemühle 300gr. 2 pares de palillos. Fios. Ganchillo nº 11.

**Alumnado máximo:** 10

**CONDICIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS**

**Duración** dos cursos: 36 horas

**Datas:** entre o 8 e o 18 de xullo de 2024. Horario de maña (consúltense datas e horarios específicos)

**Lugar:** Aulas e talleres da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (EMAO)

**Prazas limitadas:** ver número máximo de alumnos/as na convocatoria específica

**Inscrición:** Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico, no prazo indicado a continuación, a [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org), cos seguintes datos (imprescindibles):

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Enderezo de correo electrónico no que desexan recibir a confirmación de admisión, se é o caso.

**Admisión de solicitudes:**

- Non poderán inscribirse as persoas matriculadas na EMAO no curso 2023-2024
- Só se admiten persoas maiores de 16 anos
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran estritamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto.
- A inscrición farase por estrita **orde de recepción do correo electrónico** de solicitude, ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- **O prazo** para solicitar a inscrición será desde as **00:00h do 17 de xuño**, ata as **24,00h do 21 de xuño** de 2024. Non serán válidas as solicitudes presentadas con anterioridade e posterioridade a estas datas.
- A confirmación da matrícula realizaraa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase á lista de reserva.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/06/2024 13:29	Páxina 4 de 5
1656-613	CSV: AFAE4F-86852C-EF3E46-PZFUTJ-M57C9C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Cadro resumo. Cursos Monográficos Escola de verán EMAO 2024

Nome do curso	Especialidade/s	Profesorado	Datas	Horario	Nº máximo alumnado
UN CHARRASCO DIVINO E ESPIRITUOSO	Ourivaría CAIM Zanfona	Sandra de Jesús Xaime Rivas	08 - 18 de xullo	10.00h - 14.00h	12
NON SEI COSER UN BOTÓN	Moda e confección	Emma Pintos	08 - 18 de xullo	09.00h - 13.00h	12
IMOS FACER PLENEIRISMO	Pintura Debuxo artístico	Darío A. Basso Federico Fernández	08 - 18 de xullo	09.00h - 13.00h	15
ESTAMPADO ESTIVAL PARA PRAIO OU FESTIVAL	Serigrafía artística Artesanía en coiro	Alba Pardo Pepe Pereira	08 - 18 de xullo	10.00h - 14.00h	10
INICIACIÓN NA ORNAMENTACIÓN	CAIM Gaita	Carlos Corral	08 - 18 de xullo	10.00h - 14.00h	8
CUN 6 E UN 4, FAGO O TEU RETRATO, E CON ENCAIXE, ÁTOO	Talla e escultura en madeira Deseño e encaixe de palillos	Rosa García Marián Núñez	08 - 18 de xullo	10.00h - 14.00h	10

Vista a programación que antecede, **PROPONSE** á CONCELLEIRA DA ÁREA DE EDUCACIÓN, resolver o seguinte:

Aprobar a convocatoria e programación da Escola de Verán 2023-2024 da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

Vigo, nas datas rexistrada na sinatura dixital

O técnico Responsable de educación de adultos, director en funcións da EMAO.-  
Ignacio Ojea Pérez.

Conforme

A xefa do servizo de Educación.- M. José Loureiro Bada

Conforme,

A concelleira de Educación.- Olga Alonso Suárez

### DECRETO

Resolvo de conformidade coa proposta que antecede

En Vigo, na data da sinatura dixital

A Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.- Elena Espinosa Mangana

